



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

“RESUMO BASES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CAMPAMENTOS DE NADAL 2025-2026”

Convocatoria de prazo para a inscrición ao “Campamento Urbano de Nadal 2025-2026”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas a nenos e nenos do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a conciliación e a súa promoción social e laboral.

A actividade vai desenvolverse durante as seguintes datas: **22, 23, 26, 29 e 30** de decembro de **2025** e **2, 5 e 7** de xaneiro de **2026**, cun único horario de **9:00 a 14:00 horas**.

A actividade vai dirixida aos nenos e nenos nados entre **2.014 e 2.022** do Concello das Pontes.

Número de prazas: **30**

Lugar de realización: centro educativo da vila.

O **modelo de inscrición** recollerase no departamento de Servizos Sociais 2º Andar (Casa Dopeso) e o **lugar de inscrición** será no **Rexistro Municipal do Concello**, desde o **24 de novembro ao 10 de decembro de 2025**, en horario de **8:30 a 13:30 h**, **previa cita en rexistro chamando ao : 667 12 93 89-667 12 93 80** ou a través da sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/sxc/es/> desde o **24 de novembro ás 00.00 h** ata o **10 de decembro ás 23.59 horas**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CRITERIOS DE ADMISIÓN.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

3.1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

3.2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicarase os criterios establecidos nestas bases.

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2025, límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Unha vez cumprido este requisito, terase en conta os criterios de valoración seguintes:

Cráterios xerais	Puntuación
Familias nas que os dous proxenitores ou titor/es/as se atopan en situación laboral activa.	10
Familia monoparental/monomarental en situación laboral activa.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopan en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor	1 (por cada menor)

Cráterios de carácter social	Puntuación
Familia numerosa categoría xeral.	2
Familia numerosa categoría especial.	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Personal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións).	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia.	1
Renda da unidade familiar inferior a 2,5 IPREM 2025.	2
Renda da unidade familiar entre 2,5 e 6,5 IPREM.	1
Vítimas de violencia de xénero	3

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios anteriores.

Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento da unidade familiar (só no caso de non autorizar na solicitude)
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menores, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Fotocopia do Libro de Familia (só no caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Declaración da Renda do 2024 ou xustificante de non ter a obriga de facela.
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. **Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación).** Para as persoas que traballen por conta propia, entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Certificado de familia monomarental/monoparental, de ser o caso.
- Resolución do Programa de atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou situación similar.
- Para menores con Necesidades Educativas Especiais informe dos/as profesionais de referencia sobre as necesidades que presentan.
- Calquera outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración das bases aprobadas para regular a actividade.

MOTIVOS DE BAIXA DA ACTIVIDADE.

Causarase baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario. **A praza concedida neste campamento non é compatible con campamentos ou campus organizados por outras entidades, para o mesmo período.**
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

COTA DE INSCRICIÓN.

Establécese a seguinte **cota de inscrición: 40 € por inscrición.**

(Ordenanza n.º 11. Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas, socioculturais e de lecer).



CAMPAMENTOS DE NADAL 2025-2026

Nome do/a menor	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Idade	Data de nacemento
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Nome proxenitor 1 (Solicitante)	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Nome proxenitor 2	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Dirección (rúa, número, piso, porta, Concello)

Teléfono 1	Teléfono2	Correo electrónico (en maiúsculas)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A/o menor ten algún tipo de alerxia SI NON

Se marcou **SI**, indique cales

- | | | |
|---|-----------------------------|------------------------------|
| Toma medicación no horario do campamento | <input type="checkbox"/> SI | <input type="checkbox"/> NON |
| Ten necesidades educativas especiais | <input type="checkbox"/> SI | <input type="checkbox"/> NON |
| Autoriza a fotos e gravacións | <input type="checkbox"/> SI | <input type="checkbox"/> NON |
| Autoriza comprobación do padrón de oficio | <input type="checkbox"/> SI | <input type="checkbox"/> NON |

Asdo.: Solicitante

Información sobre protección de datos. Responsable do tratamento : Concello das Pontes. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a solicitude de participación en campamentos urbanos. Datos de contacto do **Delegado de Protección de Datos:** lopd@aspontes.org **Base legal:** execución dun contrato; cumprimento dunha obrigaçión legal (Lei 7/1985, de bases del réxime local art. 27.2.f); interese público (Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia); consentimento, que sempre é revogable. **Destinatarios:** outros membros da actividade, colaboradores encargados da actividade, monitores. **Prazos de conservación:** o tempo necesario para cumprir coa finalidade informada e mentres podan derivarse responsabilidades legais. **Dereitos:** acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), por correo electrónico info@aspontes.org o dirixíndose á Sede Electrónica. Pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



CORRESPONSABLES



CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE